



Teresa Rey

Funcionaria


XUNTABANSE de cando en vez a xantar, e falaban arreo para se poñer ao día dos acontecementos familiares de cada quen: Que si un fillo separouse da muller e deixoulle os fillos á aboa, que si a filla vai pola terceira parella e ten aos país tolos, aturando netos e coñecendo familias diversas, que a min doenme as mans e os pes e os cadrís e vaime moi ben pero que moi ben a ximnasia, ou o método Pilates, ou camiñar...

Aquelo semellaba a sala de espera dun ambulatorio e un deles empezou a rosmar en contra da vellez e das eivas que cada quen cacarexaba nunha competición absurda. Tedes que calar o que vos doe, esquecer as lérias dos fillos (escoitouse unha voz polo baixinho: si tiveras que aturar

**Temos que viaxar para coñecer o país, distraernos e mais esquecer as borrallas cotiás**


aos tres netos que aturo eu...), as comidas que nos sentan mal e viaxar. Temos que viaxar para coñecer o país, distraernos e mais esquecer as borrallas cotiás. Discutiron destinos e cando perigaba aquela xuntanza pois empezaban as pelexas alguén decidiu que habería que delegar en Xurxo e deixarlle planear a viaxe. Desta volta farían un percorrido non moi longo, no medio da semana e con dous obxectivos, facer unha ruta cultural e mais outra gastronómica, compatible ca primeira. Alguén falou que tomaran nota

do seu novo teléfono móbil pois acabara de perdelo. A muller contou que era o cuarto que perdía e ninguén a creeu. O primeiro, dixo moi chea, nunca mais apareceu. Pode ser que o roubaran. O segundo apareceu dentro do conxelador, metido nunha bolsa con croquetas que unha amiga lles fixera e que a muller pedíralle subir á casa, e o terceiro... o tiña o can dentro da súa caseta. Deronse de conta pois dun tempo a esta parte cando soaba calquer outro móbil o primeiro en chegar onda el... era o can. Foron mirar e alí o tiña, entre os dentes. Con estes antecedentes a meirande parte do grupo pensaron que era un trosma e que o viaxe non iba saír adiante. Tomaron nota do número novo e calaron coma petos.



**Gorki y las historias de 'Los vagabundos'**

**REINO DE CORDELIA** Esta editorial acaba de reeditar *Los vagabundos*, una obra en la que Maksim Gorki relata su propia experiencia como vagabundo de la gélida Rusia, arrastrando una vida miserable. La traducción es de Sara Gutiérrez.



MUNDO ONÍRICO Momento da proxección de 'O Xigante', onte no teatro Jofre de Ferrol. Foto: Kiko Delgado

**'O Xigante': unha 'road movie' sobre o espertar da infancia**

A animación galega para nenos cobra forza con esta curta sobre un coloso e a súa filla // Ten 300.000 € de investimento

**PATRICIA HERMIDA**  
Ferrol

A máxica entrada á ría de Ferrol cos castelos de San Felipe e A Palma aparece de refilón na curtametraxe *O Xigante*. Este aceno ao Noroeste galego amosa a mestura de onirismo, realidade e filosofía da última creación de Abano Producións. Nesta peculiar *road movie*, un enorme pai e a súa filla percorren o mundo como metáfora da aprendizaxe vital. A produción da ferrolá Chelo Loureiro aposta así polo cinema de animación para os máis pequenos, cunha peza sobre "a maternidade e a paternidade como as profesións máis difíciles do mundo".

A curtametraxe ábrese cunha cita de Goethe: *Só é posible ensinar a un neno a amar, amándoo*. E narra o camiñar dun xigante que leva literalmente no corazón á súa filla. Como indica Loureiro, "Amósase a importancia de crecer, os

**Na elaboración desta peza participaron cen persoas durante un ano de traballo**

**Chelo Loureiro, produtora: "É moi difícil recuperar o investimento no cine"**

nenos van no corazón pero despois hai que deixalos partir porque os fillos son como trens". No corazón do xigante, a nena debuxa paxaros e cruza estacións: o seu pai avanza como un coloso dende o verán ata a neve. E a historia remata dun xeito cíclico que descubrirán os espectadores.

A produción conta cunha mínima colaboración do Concello de Ferrol. Segundo o edil de Cultura, Manuel Reyes García, "a produción audiovisual non pode recaer sobre as administracións públicas, e *O Xigante* amosa que un produto cultural pode chegar a bo fin sen depender exclusivamente de axudas públicas".

*O Xigante* contou cunha inversión de 300.000 euros. E amosa a diversidade da animación galega, sobre todo tras o gran éxito de *Enrugas*: a emotiva adaptación dun comic sobre a terceira idade, galardoada nos Premios Goya. No caso da produción de Chelo Loureiro, traballaron 100 persoas durante un ano: "Esta é a nosa terceira curtametraxe adicada á infancia, e é moi difícil recuperar a inversión no cine".

Os nenos de Ferrol poderán desfrutar este sábado dunha proxección no Jofre. A curta distribuírse cun conto e un disco, grazas a Editorial Galaxia, con canción de María Manuela. [phermida@elcorreogallego.es](mailto:phermida@elcorreogallego.es)

**Blecu considera que el Diccionario "no tiene que ser políticamente correcto"**

**El director de la RAE, sorprendido por las reacciones al informe de Ignacio Bosque**

**Madrid.** El director de la Real Academia Española, José Manuel Blecu, se refirió ayer a las peticiones que ha recibido la RAE para que trate de evitar el sexismo lingüístico en sus publicaciones, y aseguró que el Diccionario "no tiene que ser políticamente correcto, sino descriptivamente correcto". Blecu se hacía eco así de la polémica que ha levantado el informe sobre *Sexismo lingüístico y visibilidad de la mujer*, hecho por Ignacio Bosque y respaldado por la RAE, en el que se critican las directrices contenidas en nueve guías

sobre lenguaje no sexista porque, si se aplicara estrictamente cuanto dicen, "no se podría hablar".

Tras participar en la presentación de un nuevo tomo de las obras completas de Francisco Ayala, dedicado a su narrativa, Blecu se mostró sorprendido por las numerosas reacciones que ha suscitado el informe de Bosque, unas en contra del mismo y otras a favor, y reconoció que todavía no ha tenido tiempo de leerlas todas. Tras hacerse público el informe, que está colgado en la página web de la RAE desde el pasado día 4, diferentes colectivos sociales e instituciones le han pedido a la RAE que modifique sus obras de referencia para darle mayor visibilidad a la mujer. EFE

**El presunto asesino de Facundo Cabral contó con ayuda de narcotraficantes**

**Palidejo fue detenido el lunes en Colombia acusado del asesinato del cantautor argentino**

**Bogotá.** El costarricense Alejandro Jiménez, acusado del asesinato en 2011 del cantautor argentino Facundo Cabral y detenido en Colombia, procedía de Panamá y contaba con apoyo de narcotraficantes colombianos, informó ayer la Policía del país andino. Palidejo, alias de Jiménez y sobre quien pesaba una circular roja de la Interpol, fue detenido el lunes en Bahía Solano, población colombiana ribereña del Pacífico y cercana a la frontera con Panamá, en una

operación conjunta de la Armada Nacional y la Policía Nacional.

El general Óscar Naranjo, director de la Policía, aseguró que Jiménez había recibido ayuda de los hermanos colombianos Javier Antonio y Luis Enrique Calle Serna, que dirigen una banda de narcotraficantes.

"La información que tenemos es que los hermanos Calle Serna le estaban facilitando alguna cobertura mientras él se desplazaba al sur del continente para evadir la persecución", precisó Naranjo. El detenido, de 38 años, llegó a Bahía Solano en "una embarcación sospechosa procedente de Panamá" y acompañado por dos colombianos. EFE